

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 8 DE XANEIRO DE 2015,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Decreto polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia.
- Decreto polo que se aproba o escudo do Concello de Malpica de Bergantiños.
- Decreto polo que se aproba a bandeira do Concello de Malpica de Bergantiños.
- Decreto polo que se aproba o escudo do Concello de Mos.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade da parcela con referencia catastral 4503101NJ6140S0001KI, a prol do Concello de Mugardos.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, en materia de convivencia escolar.

ACORDOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se aproba o Plan anual da cooperación galega para o desenvolvemento 2015.



CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba o convenio de adhesión do Concello de Cerceda á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.
- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do Anteproxecto de decreto polo que se aproba o Plan de conservación do monumento natural Praia das Catedrais (Ribadeo, Lugo).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA

- Informe sobre a adxudicación da contratación do servizo de rede de telecomunicacións corporativa da Xunta de Galicia.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre o documento preliminar do Plan reitor de uso e xestión do parque natural das Fragas do Eume.
- Informe sobre a convocatoria do concurso publico de alleamento de parcelas de solo empresarial propiedade de xestión do solo de Galicia-Xestur, S.A. con prezo bonificado.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre a convocatoria anticipada de subvencións a proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas dos sectores industria e servizos para o ano 2015.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Informe programación para 2015 dos programas para a mellora da empregabilidade (accións de emprego e formación).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Informe sobre a avaliación dos resultados do funcionamento do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga) para o ano 2014 durante a época de alto risco e o cómputo anual.



A NOVA REGULACIÓN DA DECLARACIÓN DE FESTAS DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA INCORPORA NOVOS REQUISITOS E CRITERIOS DE VALORACIÓN COA FINALIDADE DE CONCEDER AS DECLARACIÓNS UN MAIOR RECOÑECEMENTO E PRESTIXIO

- ***O Consello da Xunta aprobou o proxecto de decreto que regulará a declaración de festas de interese turístico de Galicia logo do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia***
- ***O novo texto inclúe novidades relacionadas cos requisitos de obrigado cumprimento e os criterios de valoración non excluíntes; coa antigüidade mínima que se eleva aos 20 anos; e co procedemento, que só poderá iniciarse por instancia das entidades interesadas logo da consulta ao concello onde se celebre***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de decreto que regulará a declaración de festas de interese turístico de Galicia tras o seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.

Esta declaración estaba regulamentada no Decreto 39/2001, do 1 de febreiro, de refundición en materia de Consello Galego de Turismo, declaración de municipio turístico galego e declaracións de festas de Galicia de interese turístico.

Este novo decreto recolle o espírito da norma anterior, vinculando as Festas de Interese Turístico ás manifestacións populares de carácter cultural como instrumento de promoción turística; e mellora a calidade destas mediante unha regulación máis esixente, incrementando a antigüidade mínima para acreditar o enraizamento da festa e incorporando novos requisitos e criterios de valoración coa finalidade de conceder ás declaracións un recoñecemento e prestixio que se corresponda coa importancia da distinción de Festa de interese turístico máis acorde cos tempos actuais.

Este decreto vén a desenvolver a previsión legal, concretando os requisitos que deben cumprirse para optar á declaración de festa de interese turístico de Galicia, os seus efectos, así como o procedemento para a declaración, a súa vixencia e a perda da condición de festa de interese turístico de Galicia.

O dito proxecto de decreto estrutúrase en 21 artigos, organizados en catro capítulos, dúas disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e dúas disposicións derradeiras; complétase cun anexo relativo ao procedemento para a solicitude de declaración de festa de interese turístico.

As festas declaradas de interese turístico de Galicia manterán a súa declaración en tanto en canto cumpran cos requisitos deste decreto, coa excepción da antigüidade que non se esixirá. O decreto establece un prazo de 3 meses dende a entrada en vigor



para que, nos procedementos de declaración de festas de interese turístico xa iniciados, os que promovan a súa solicitude acrediten que reúnen os requisitos esixidos polo presente decreto para a obtención da declaración de festa de interese turístico de Galicia.

Principais novidades

Este proxecto de decreto engade aos requisitos da declaración de festas de Galicia de interese turístico de obrigado cumprimento -antigüidade, singularidade, arraigamento e valor cultural- dous novos: a realización polas entidades organizadoras de accións promocionais suficientes para a atracción de correntes turísticas e a continuidade no tempo -entre a celebración dunha festa e outra non poderán transcorrer máis de catro anos, a non ser que sexa una festa con unha cadencia fixa que supere este prazo-.

Ademais, en relación ao requisito da antigüidade elévase a 20 anos a antigüidade mínima, que estaba establecida actualmente en 10 anos. A posibilidade de dispensa tamén se restrinxe ao esixirse unha antigüidade mínima de 15 anos, limitando a discrecionalidade do órgano competente.

O dito proxecto de decreto recolle tamén os criterios de valoración non excluíntes que se terán en conta á hora de conceder a distinción. Entre os criterios que se establecen destaca o da estética da festa valorándose a posta en escena da celebración, a ambientación, a recreación, as instalacións e infraestrutura onde se celebren e a imaxe uniforme dos equipamentos do evento.

Os outros criterios de valoración que se recollen son: a facilidade de acceso, aquelas manifestacións ou acontecementos que fagan revivir costumes e tradicións populares, o adecuado coidado dos contornos urbanos, monumentais ou paisaxísticos onde se desenvolva, a calidade dos actos que configuren a celebración, a creatividade e innovación na celebración do evento, o nivel de dotación de infraestruturas e equipamentos para a celebración da festa e a recepción de visitantes, a afluencia de visitantes e a coordinación das entidades públicas e privadas involucradas na celebración da festa.

En canto ao procedemento, outra das novidades salientables son os informes que emitiran, por unha banda, as consellerías ou órganos da Administración xeral da Xunta de Galicia e, pola outra, o Consello de Turismo de Galicia. O novo proxecto de decreto determina que unha vez examinada a solicitude e a documentación preceptiva achegada, a Dirección de Competitividade remitirá unha copia tanto da solicitude como da documentación, ás consellerías ou órganos da Administración xeral da Xunta de Galicia que teñan competencias relacionadas coa manifestación sobre a que recaia o procedemento de declaración, como pode ser a Consellería de Medio Rural e Mar. Así mesmo, trasladará o expediente ao Consello do Turismo de Galicia para os efectos de



que emita informe sobre a procedencia da solicitude de declaración de festa de interese turístico de Galicia. O informe deberá examinar a procedencia da declaración segundo os requisitos e criterios de valoración, así como formular unha proposta acerca das necesidades derivadas da declaración. Ambos os informes, terán carácter preceptivo e non vinculante.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA OS ESCUDOS E BANDEIRAS DOS CONCELLOS DE MALPICA DE BERGANTIÑOS E MOS

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe aos decretos polos que se establece a conformación oficial das bandeiras e escudos do Concello coruñés de Malpica de Bergantiños e do Concello de Mos (Pontevedra).


O escudo de Malpica de Bergantiños é cun pano amarelo e, ao centro, unha franxa azul de dous tercios coa consabida disposición das dúas espigas de amarelo, dispostas en aspa e acompañadas dunha áncora de branco, no xefe, unha cabeza de lobo de amarelo, linguada de vermello, na punta, e flanqueadas dun “pucheiro”

A bandeira é azur (azul), dúas espigas de ouro (amarelo), dispostas en aspa, acompañadas dunha áncora de prata (branco), no xefe, unha cabeza de lobo de ouro, linguada de gules (vermello), na punta, e flanqueadas dun “pucheiro de encote” de ouro, á dereita, e dunha torre deste, á esquerda. Ao timbre, a coroa real pechada”.

Pola súa banda, o escudo do Concello de Mos é partido. Primeiro, de ouro (amarelo), una rosa de gules (vermello), tallada de sinople (verde). Segundo, de prata (branco), tres faxas xaqueladas de gules e ouro, en catro ordes, cargadas dun ceñidor de sabre (negro). Ao timbre, a coroa real pechada”.



ESCUDO E BANDEIRA DE MALPICA DE BERGANTIÑOS



ESCUDO DE MOS



A XUNTA DE GALICIA TRANSFIRE A PROL DO CONCELLO DE MUGARDOS UNHA PARCELA DO DOMINIO PÚBLICO VIARIO

- ***O espazo destinarase a aparcamento para a igrexa e o cemiterio da parroquia***
- ***Ten unha superficie de 700 m² e está situada no cruzamento entre a VG-1.2 Vilar de Colo (polígono industrial)- Mugardos e a AC-122***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade dun predio situado nos arredores da rotonda de San Xoán de Piñeiro a prol do Concello de Mugardos.

Este espazo destinarase a aparcamento para a igrexa e o cemiterio da parroquia, xa que non é imprescindible para a explotación do dominio público viario. A dita parcela, cunha superficie de 700 m², está situada no cruzamento entre a VG-1.2 Vilar de Colo (polígono industrial)- Mugardos e a estrada Cabanas-A Gallada (AC-122).

Este expediente tramitouse ao abeiro dos artigos 8 e 9 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece que os cambios de titularidade das estradas se aprobarán por Decreto da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións afectadas e que as estradas autonómicas ou provinciais ou os treitos determinados delas que adquiran a condicións de vías urbanas entregaranse aos concellos polos que discorran.

Por outra parte, a Lei de estradas tamén indica que os cambios de titularidade poderán abranguer estradas, treitos delas, elementos funcionais e/ou espazos da zona de dominio público adxacente.

Correspóndenlle ao Concello de Mugardos, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación das vías, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que puidese corresponderlle como nova Administración titular da estrada. Tamén deberá incorporalo ao seu Plan de estradas.





Comunicación da Xunta de Galicia
San Caetano, s/n - 15704 Santiago de Compostela
Tel.: 981 541 238/42/51 - Fax: 981 541 252/41
Correo-e: comunicacion@xunta.es



**FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL**
"Unha maneira de facer Europa"
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

CULTURA E EDUCACIÓN AVANZA NO DESENVOLVEMENTO NORMATIVO EN PROL DA MELLORA DO CLIMA ESCOLAR COA APROBACIÓN DO DECRETO QUE DESENVOLVE A LEI DE CONVIVENCIA E PARTICIPACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

- ***Galicia é unha comunidade autónoma pioneira neste eido, ao contar coa primeira lei en España ao respecto na que se recolle tamén o cyberbullying de forma específica***
- ***O decreto reforza a inmediatez da resposta ante os conflitos, regulando a resolución do procedemento nun prazo máximo de doce días lectivos***
- ***Como novidade este decreto establece a prohibición do uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos como mecanismo de comunicación durante os períodos lectivos***
- ***Así mesmo introdúcese o procedemento conciliado para a resolución de conflitos, promovendo o diálogo entre as partes e a inmediatez da corrección educativa***
- ***O departamento dirixido por Xesús Vázquez ten publicado ademais un protocolo de prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria acaba de completar o desenvolvemento normativo en prol da mellora do clima escolar coa aprobación, esta mañá no Consello da Xunta, do decreto que desenvolve a Lei 4/2011, de convivencia e participación da comunidade educativa; de tal forma que Galicia continúa a ser unha comunidade autónoma pioneira neste eido. Non en balde, cómpre lembrar que o departamento educativo da Xunta de Galicia elaborou a primeira lei en España que recolle tamén o *cyberbullying* de forma específica, e que publicou un protocolo de prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar, polo que é a primeira comunidade autónoma que recolle nun mesmo protocolo o tratamento do acoso e a do ciberacoso.

Entre as novidades do novo decreto figura a introdución da prohibición do uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos como mecanismo de comunicación durante os períodos lectivos, aínda que, excepcionalmente, os centros poderán establecer normas para a correcta utilización como ferramenta pedagóxica.

Prevención

Así mesmo, introdúcese o procedemento conciliado como vía de resolución de conflitos, para a corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, de xeito que se persegue que o diálogo, a implicación e o compromiso do alumnado corrixido e da súa familia sirva para que a persoa agraviada se sinta valorada, que as medidas correctoras sexan consensuadas -de ser o caso- coa colaboración dun mediador para lograr o achegamento coas persoas afectadas e, ao mesmo tempo, para facilitar a inmediatez da corrección educativa. Nesta mesma liña a mediación escolar aparece destacada como unha medida de resolución de conflitos.



En calquera caso, mantense a aposta pola rápida resolución dos procedementos que se abran para a imposición das medidas correctoras. Así, refórzase a inmediatez da resposta ao recoller no decreto a resolución do procedemento nun prazo máximo de doce días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos que deron lugar á súa incoación.

Deste xeito, o decreto pon o acento na prevención e na detección precoz, promovendo ao tempo o desenvolvemento de actividades de acollida, sensibilización e formación do profesorado, o alumnado, as familias e o persoal non docente neste eido. O decreto establece tamén que as medidas de corrección deberán ter carácter educativo e recuperador, garantir o respecto dos dereitos de todo o alumnado e procurar a mellora da convivencia no centro docente, ser proporcionais á gravidade da conduta corrixida e, en definitiva, contribuír a que a alumna ou o alumno corrixido asuma o cumprimento dos seus deberes, mellore as súas relacións con todos os membros da comunidade escolar e a súa integración no centro educativo.

Así mesmo, regúlase o funcionamento das aulas de convivencia inclusiva para substituír o tempo de expulsión do alumnado que estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro como consecuencia da imposición de medidas correctoras; e das escolas de nais e pais, que poderán propoñer iniciativas tendentes a prever e resolver conflitos de convivencia, mellorar a convivencia e fomentar o respecto mutuo e a tolerancia no centro educativo.

A concreción das accións en cada centro será tarefa das comisións de convivencia, creadas por este decreto, que se encadrarán no seo de cada consello escolar. Entre as súas funcións estará a elaboración do Plan de convivencia, que inclúe tanto as medidas preventivas e de mellora do clima da aula, así como todas as accións dirixidas ao seu seguimento e das actuacións correctoras, e as propias normas de convivencia do centro.

Ademais, o decreto prevé a creación do que será o primeiro consello para a convivencia escolar da Comunidade Autónoma de Galicia, responsable de avaliar a situación da convivencia nos centros, establecendo estratexias para a súa mellora.

Responsabilidade compartida

O novo texto afonda nas bases sentadas pola devandita Lei 4/2011, en concreto no referido a centrar as accións dirixidas a mellorar o clima escolar na detección das condutas conflitivas, na mediación e na corresponsabilidade. Neste sentido, o decreto sinala por primeira vez a todos os membros da comunidade educativa como axentes responsables da convivencia escolar. Para velar por ela establécese a creación dunha comisión de convivencia, que se encadrará no seo do Consello Escolar. Entre as súas funcións estará a elaboración do Plan de convivencia, a adopción de medidas



preventivas e de mellora da convivencia, así como todas as accións dirixidas ao seu seguimento e das actuacións correctoras.

O novo decreto define tamén o obxecto, fins e principios do Plan de convivencia de cada centro, así como a súa estrutura e contidos; e afonda nas liñas postas pola devandita lei no referido ás normas de organización, funcionamento e convivencia dos centros educativos, e nas actuacións, programas e medidas para a mellora da convivencia neles.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PLAN ANUAL 2015 DA COOPERACIÓN GALEGA CUN ORZAMENTO DE MÁIS DE 4 MILLÓNS DE EUROS

- *Xa conta co visto e prace do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento que o aprobou o pasado 23 de decembro*
- *Parte dun orzamento igual ao do ano 2014, con 4,1 millóns de euros, e aposta pola utilización principal das convocatorias públicas de concorrencia competitiva*
- *O plan de 2014 executouse na súa totalidade co financiamento de 85 proxectos de cooperación para o desenvolvemento*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Plan anual 2015 da cooperación galega para o desenvolvemento, que conta cun orzamento de máis de 4 millóns de euros e que recolle os compromisos, os medios de actuación e os recursos orzamentarios do goberno galego para este ano, de acordo xa coas orientacións establecidas no III Plan director da cooperación galega 2014-2017.

O plan aposta pola utilización principal do instrumento das convocatorias públicas de concorrencia competitiva. Así, publicaranse todas as convocatorias de axudas que tradicionalmente xestiona a cooperación galega como son as de proxectos no exterior, fortalecemento e consolidación de ONGD, educación para o desenvolvemento, acción humanitaria e bolsas de formación. Así mesmo, asínanse convenios de colaboración coa Coordinadora Galega de ONGD, o FOGACOSOL e as universidades galegas, entre outros.

Este plan anual está enmarcado no III Plan director da cooperación galega 2014-2017 e afonda no logro dos resultados de xestión recollidos no dito Plan Director cara á mellora da eficacia da axuda a través da concentración xeográfica e sectorial desta, á maior coordinación dos actores e complementariedade das súas actuacións e á orientación estratéxica das actuacións.

Actuacións 2015

No marco das actuacións previstas para este ano está previsto cubrir os compromisos adquiridos no ano 2014 con aquelas ONGD e universidades ás que se lles aprobaron proxectos na convocatoria pública de educación para o desenvolvemento e de investigación para o desenvolvemento. Isto significa que un total de 23 proxectos iniciados no 2014 terán asegurado o financiamento para a súa continuación e remate no ano 2015. Así mesmo, respéctanse os compromisos dos convenios asinados coa Fundación Centro Tecnolóxico do Mar (CETMAR) e asegúrase a continuidade das 8 bolsas de formación de expertos en cooperación que se iniciaron no 2014.

Publicaranse as seguintes liñas de axudas tradicionais, coma as convocatorias de subvencións para proxectos de cooperación no exterior de ONGD e outros axentes de



cooperación, as convocatorias de subvencións para proxectos de educación para o desenvolvemento (EpD) promovidos polas ONGD, e as convocatorias de subvencións para proxectos de fortalecemento de ONGD, que xa foron publicadas no Diario Oficial de Galicia a pasada semana.

Ademais, situaranse as bolsas de formación de expertos en cooperación internacional para o desenvolvemento. Para o ano 2015 convocaranse 8 bolsas, de carácter plurianual, dúas das cales se desenvolverán na sede da dirección xeral en Santiago de Compostela e as seis restantes no exterior.

Manterase unha liña financeira para axuda humanitaria ou de emerxencia que garanta que no ano 2015 a Xunta poida responder cando se produza un chamamento internacional por mor dunha catástrofe ou crise humanitaria, e manterase unha liña financeira para a colaboración coas universidades, asinándose un novo convenio de colaboración coas tres universidades galegas para consolidación do proxecto "Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento".

Asínanse convenios coa Coordinadora Galega de ONGD para actividades de formación e sensibilización, e co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade para actividades de formación e sensibilización. Así mesmo, seguirase realizando cooperación técnica en materia de pesca e acuicultura, como se vén realizando en colaboración coa Fundación CETMAR, apostando por unha orientación estratéxica da cooperación mediante proxectos de asistencia técnica que faciliten a transmisión de coñecementos e tecnoloxía aos países do Sur, como Mozambique, Perú ou Centroamérica.

Avaliación actuacións

Ademais, avanza na necesaria avaliación das actuacións financiadas pola cooperación galega para mellorar a calidade da axuda, dando cumprimento aos compromisos establecidos no III Plan Director da Cooperación Galega. Así, temos previsto realizar a avaliación dos proxectos financiados desde 2007 en Cabo Verde, e publicarase e darase difusión ao Informe anual 2014 da cooperación galega para dar cumprimento ao principio de transparencia que debe orientar a xestión da cooperación.



O CONCELLO CORUÑÉS DE CERCEDA É O PRIMEIRO MUNICIPIO QUE SE ADHESIONA Á AXENCIA DE LEGALIDADE URBANÍSTICA NO ANO 2015

- ***A partir de agora, Cerceda delega na Axencia as súas competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística respecto das obras e usos do solo que se realicen en solo rústico, en solo urbanizable***
- ***Con esta adhesión serían 68 os convenios autorizados polo Consello da Xunta, e 62 os convenios asinados. Os concellos de Taboadela e Oia comunicaron a súa rescisión do convenio asinado no seu día***

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe a sinatura do convenio de adhesión que permite que o municipio coruñés de Cerceda delegue na Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU) o exercicio das competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística en relación coas obras e usos do solo, que se executen sen licenza ou sen axustarse ás súas condicións.

A partir de agora, o concello mencionado delega na Axencia as súas competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística respecto das obras e usos do solo que se realicen en solo rústico, en solo urbanizable mentres non sexa aprobado o correspondente plan parcial ou de sectorización, así como no ámbito dos núcleos rurais delimitados.

Con esta adhesión serían 68 os convenios autorizados polo Consello da Xunta, e 62 os convenios asinados. Os concellos de Taboadela e Oia comunicaron a súa rescisión do convenio asinado no seu día.

Os ingresos obtidos por multas coercitivas e sancións administrativas impostas en exercicio das competencias delegadas, serán repartidos a partes iguais de modo que o 50 por cento pasará á Administración autonómica e o 50 % restante ás administracións municipais.

Papel da Axencia

Para o Concello de Cerceda o presente convenio non comporta gasto ningún e o persoal do concello poderá acceder a información urbanística, consultas e formación de xeito gratuíto.

A axencia exercerá estas responsabilidades desde o día seguinte ao da publicación do convenio no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) e considérase que a vixencia do convenio será indefinida. Nesta delegación de competencias non se inclúe a reposición da



legalidade nin a potestade sancionadora en relación coas obras completamente rematadas antes da publicación deste convenio, que serán exercidas polo concello.

A Axencia de Protección da Legalidade Urbanística é un ente público de natureza consorcial, dotado de personalidade xurídica, patrimonio e orzamento propios e plena autonomía no cumprimento das súas funcións, para o desenvolvemento en común pola Administración autonómica e os municipios que voluntariamente se integren nela das funcións de inspección, restauración da legalidade e sanción en materia de urbanismo, e o desempeño de cantas outras competencias lle asignan os seus estatutos.

A incorporación do municipios realizarase a través do correspondente convenio de adhesión, que deberá obter a previa aprobación do Pleno da Corporación (voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da corporación a teor do artigo 215.3 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e do Consello da Xunta de Galicia) e será publicado no *Diario Oficial de Galicia*.

| Concello | Poboación | Territorio (qm ²) | Asinado |
|------------------------------|---------------|-------------------------------|------------|
| A CORUÑA | | | |
| A BAÑA | 4528 | 98 | Si |
| A CAPELA | 1439 | 58 | Si |
| ABEGONDO | 5709 | 83,7 | NON |
| ARES | 5628 | 18,3 | Si |
| ARZÚA | 6484 | 155,4 | Si |
| BOIMORTO | 2348 | 82,4 | Si |
| CABANA DE BERGANTIÑOS | 4.759 | 100,23 | Si |
| CABANAS | 3.375 | 30,0 | Si |
| CARBALLO | 31.303 | 187 | Si |
| CARIÑO | 4617 | 46,8 | Si |
| CEDEIRA | 7511 | 85,4 | Si |
| CERCEDA | 5.265 | | |
| DODRO | 3024 | 36,1 | Si |
| FENE | 13.902 | 27,4 | Si |
| LOUSAME | 3702 | 93,6 | Si |
| MIÑO | 5760 | 35 | Si |
| MUGARDOS | 5605 | 12,8 | Si |

| | | | |
|--------------------------|-------|-------|----------------------------|
| OROSO | 6804 | 72,1 | Si |
| PONTECESO | 6.134 | 91,78 | Si |
| PORTO DO SON | 9867 | 94,6 | Si |
| SADA | 14870 | 27,49 | NON |
| TOQUES | 1416 | 77,9 | Si |
| VAL DO DUBRA | 4481 | 108,7 | Si |
| LUGO | | | |
| BECERREÁ | 3276 | 172,1 | Si |
| BEGONTE | 3538 | 126,8 | Si |
| CASTROVERDE | 3110 | 174,2 | Si |
| LOURENZÁ | 2569 | 62,6 | Si |
| O SAVIÑO | 4570 | 196,6 | SI |
| PANTÓN | 2938 | 146 | SI |
| RIBEIRA DE PIQUÍN | 723 | 73 | Si |
| TRABADA | 1436 | 82,7 | Si |
| VALADOURO | 2209 | 110,5 | Si |
| OURENSE | | | |
| AMOEIRO | 2318 | 39,7 | Si |
| CARBALLEDA DE AVIA | 1607 | 47 | Si |
| CASTRELO DE MIÑO | 1981 | 39,7 | Si |
| CASTRELO DO VAL | 1240 | 122 | Si |
| CORTEGADA | 1367 | 26,9 | Si |
| ENTRIMO | 1406 | 84,5 | Si |
| GOMESENDE | 1048 | 28,3 | Si |
| MACEDA | 3153 | 102 | Si |
| MASIDE | 3087 | 40 | Si |
| NOGUEIRA DE RAMUÍN | 2.432 | 100 | Si |
| O BARCO DE VALDEORRAS | 14040 | 85,7 | Si (Autorizado 2 veces) |
| PADERNE DE | 1597 | 38,8 | Si |

| | | | |
|-----------------------|----------------|-----------------|--|
| ALLARIZ | | | |
| PARADA DE SIL | 729 | 62,4 | Si |
| PETÍN | 1042 | 30,5 | Si |
| PIÑOR | 1430 | 52,7 | Si |
| PUNXÍN | 907 | 17,1 | Si |
| SAN AMARO | 1335 | 28,9 | Si |
| SANDIÁS | 1316 | 53 | |
| TABOADELA | 1690 | 25,2 | Si |
| VERÍN | 14237 | 94,1 | Si |
| VILAMARÍN | 2254 | 56,1 | Si |
| VILARDEVÓS | 2382 | 152,1 | Si |
| PONTEVEDRA | | | |
| A GUARDA | 10404 | 20,5 | Si |
| BARRO | 3724 | 37,9 | Si |
| CALDAS DE REIS | 10060 | 147,37 | Si |
| CUNTIS | 5172 | 79,8 | Si |
| FORCAREI | 4044 | 167,7 | Si |
| GONDOMAR | 13973 | 74,8 | NON1 |
| MEAÑO | 5475 | 27,8 | Si (Autorizado 2 veces) |
| MORAÑA | 4349 | 41,3 | Si |
| NIGRÁN | 17869 | 34,8 | Si |
| OIA | 3192 | 83,3 | Si |
| PONTEARES | 23561 | 126,2 | Si |
| PONTECESURES | 3116 | 6,7 | Si |
| VILABOA | 5935 | 36,9 | Si |
| TOTAL | | | |
| TOTAL | 356.372 | 5.026,29 | |

A XUNTA SOMETE A INFORMACIÓN PÚBLICA O ANTEPROXECTO DO PLAN DE CONSERVACIÓN DO MONUMENTO NATURAL DA PRAIA DAS CATEDRAIS

- ***Este documento será obxecto de exposición e participación pública, mediante anuncio no Diario Oficial de Galicia, durante un período de 45 días hábiles, e paralelamente tramitarase o Documento Ambiental Estratéxico (DAE)***
- ***Con este novo trámite avánzase un paso máis cara á aprobación do instrumento de planificación que establece o réxime de usos e limitacións do espazo protexido no vindeiro ano***
- ***O obxectivo xeral do plan é o mantemento e restablecemento nun estado de conservación favorable dos valores ambientais que motivaron a declaración do Monumento Natural das Catedrais***
- ***O Goberno galego estableceu cinco obxectivos estratéxicos con 12 actuacións, ás que a Xunta destinará case 1,7 millóns de euros nos próximos 10 anos***

O Consello da Xunta foi informado na súa reunión desta mañá do inicio do proceso de información pública do anteproxecto de decreto do plan de conservación do monumento natural da Praia das Catedrais, en Ribadeo (Lugo). Este proceso de participación pública prolongarase por un período de 45 días hábiles e paralelamente tamén se tramitará o Documento Ambiental Estratéxico (DAE).

O documento presentado ao Consello da Xunta incorpora as primeiras achegas recibidas durante a primeira exposición pública deste instrumento de planificación, que establecerá o réxime de usos e limitacións do espazo protexido. Tras o inicio da tramitación do Plan de conservación do Monumento Natural da Praia das Catedrais, e despois dun primeiro período de participación pública, a Xunta de Galicia completa e mellora o documento preliminar coa finalidade de compatibilizar a protección dos espazos protexidos co seu uso público e goce por parte da poboación.

Entre as melloras recollidas no documento preliminar, destacan a necesidade de realizar un inventariado de especies exóticas e invasoras e medidas de control e erradicación; a eliminación de gabias e noiros e restauración de zonas degradadas; a revisión da capacidade de carga ecolóxica; o fomento do transporte público, así como a busca de alternativas de novos aparcadoiros fóra do monumento natural. Tamén se solicita a ordenación da cartelería existente, a incorporación da información do “Camiño do Mar” e unha solución alternativa á ordenación da venda ambulante.

A partir desta diagnose previa, fíxase como obxectivo xeral do Plan o mantemento e restablecemento, nun estado de conservación favorable dos valores ambientais que motivaron a declaración do Monumento Natural das Catedrais.



O documento propón as directrices, normas de uso público e actuacións destinadas a acadar os obxectivos previstos, así como un programa de seguimento para valorar o seu grao de consecución ao longo do período de vixencia do plan. A normativa xeral que incorpora o Plan de conservación elaborouse a partir dos obxectivos e criterios orientadores da normativa comunitaria, estatal e autonómica, nomeadamente do Plan director da Rede Natura 2000.

Un dos aspectos máis destacados do Plan é a regulación do acceso público ao monumento natural en períodos de máxima afluencia como a Semana Santa e entre o 15 de xuño ao 15 de setembro, nos que será preciso dispor de autorización do órgano autonómico competente en materia de conservación da natureza. Porén, o cronograma previsto non considera limitar o aforo esta vindeira Semana Santa. Para ese período continuaranse coas medidas postas en marcha o verán pasado con guías especialistas que informen sobre os valores do monumento e sobre as súas presións e ameazas, tentando facer ver aos visitantes a importancia de conservar esta importante mostra do noso patrimonio natural.

En función dos cálculos previos de capacidade de acollida do espazo, estímase que o límite máximo que se estableza será de 4.967 visitantes diarios. Con esta medida preténdese, non só garantir a conservación do monumento natural, senón tamén evitar a estacionalidade da afluencia turística e mellorar as condicións de uso público no espazo.

O efecto máis evidente desta situación é a saturación dos servizos e accesos á praia, pero tamén o risco de degradación dos seus valores ambientais e paisaxísticos e, mesmo, da percepción global do que debe constituír un espazo natural protexido. A aprobación do Plan de conservación das catedrais suporá a regulación do uso público do espazo, facilitando unha mellora das condicións para a visita e difusión dos valores naturais e paisaxísticos do espazo.

Preto de 1,7 millóns de euros para os próximos 10 anos

A Xunta ten definido un total de cinco obxectivos estratéxicos con medidas concretas que no seu conxunto representan 12 liñas de acción para as que o Goberno galego destinará case 1,7 millóns de euros nos próximos 10 anos.

- Avanzar no coñecemento, nos riscos e nas ameazas con inventariados de hábitats naturais e das especies de flora e fauna silvestre, así como mellorar a información relativa á súa presenza.
- Evitar a perda de biodiversidade, fomentando a conservación de especies, con medidas como o seguimento, control e erradicación de especies exóticas e invasoras.



- Acadar un uso ordenado e compatible, reducindo a presión do uso público no espazo, favorecendo a desestacionalización da demanda, a promoción doutros puntos de interese turístico e implementando un sistema de concesión de autorizacións de acceso ao monumento nos períodos de maior afluencia de visitantes.
- Colaboración interadministrativa para a promoción do turismo sustentable, con melloras paisaxísticas no monumento natural, actuacións coordinadas para a ordenación de accesos e área de apartamento e para a promoción de medios de transporte alternativos.
- Favorecer o compromiso social, fomentar o coñecemento e a implicación social na conservación do monumento natural, mediante a promoción de campañas en coordinación con outras administracións, a comunidade científica e a poboación local.

As actuacións previstas no plan suporán unha xestión máis eficiente dos recursos públicos, ao representar unha planificación das necesidades de conservación do espazo.

No marco das políticas de sustentabilidade, a aprobación do Plan de conservación débese valorar como unha oportunidade de desenvolvemento das actividades económicas vinculadas ao sector turístico, hostalería e de ocio, compatibles coa conservación dos valores ambientais que motivaron a declaración do Monumento Natural das Catedrais.



OS OPERADORES R E VODAFONE INVESTIRÁN 12 MILLÓNS DE EUROS EN TRES ANOS EN MELLORAS NA REDE DE TELECOMUNICACIÓNS DA XUNTA

- *Como adxudicatarios do novo contrato dos servizos de internet, telefonía fixa e móbil da Administración autonómica*
- *Incrementarase en máis dun tripe de media o largo de banda de máis de 2.300 centros de servizos públicos*
- *Ampliarase a 10 Gigas a capacidade do acceso a internet da rede corporativa e renovaranse máis de 4.700 equipos da rede de datos*
- *Reduciranse en máis dun 60% os custos de telefonía móbil e nun 44% os de servizos de internet*
- *Integraranse na rede corporativa os servizos de telefonía de preto de 1.400 centros públicos, o que mellorará a xestión das telecomunicacións e do servizo co que contan actualmente*
- *Ademais, o novo contrato aforrará arredor de 12 millóns de euros en tres anos*

O novo contrato de telecomunicacións da Xunta de Galicia amplía o alcance dos servizos respecto do contrato actual e consegue un investimento adicional de 12 millóns de euros por parte dos operadores adxudicatarios, R e Vodafone. Cun importe de 32,3 millóns de euros, o novo contrato permitirá acadar importantes melloras e reforzar a rede corporativa, que proporciona servizo de internet, telefonía fixa e móbil a 3.000 centros da Administración autonómica.

Aforro de 12 millóns de euros

Ademais, grazas á integración de servizos, á redución de tarifas e ás economías de escala a Xunta aforrará en tres anos arredor de 12 millóns na xestión das súas telecomunicacións. A redución de custos nos servizos de telefonía móbil supera o 60% respecto do contrato anterior, suporá máis do 44% no servizo de internet e máis do 15% en telefonía fixa.

Melloras en centros de servizos públicos

Parte do investimento dos operadores destinarase á inclusión na rede corporativa dos servizos de telefonía de 1.395 centros públicos, que non estaban integrados, o que repercutirá nunha mellora da xestión das telecomunicacións destes centros e do servizo co que contan actualmente.

Incrementarase en máis dun tripe de media o largo de banda de máis de 2.300 centros de servizos públicos, dos cales 1.014 son da área de educación, 119 de servizos sociosanitarios e 45 sedes xudiciais. Máis da metade dos 2.300 centros nos que se realizarán melloras contarán con conexións a internet de 100 ou 200 Mbps.



O novo contrato inclúe tamén a renovación da plataforma de telefonía do Centro de Atención de Emerxencia 112, que abrangue a substitución das centrais, os terminais e os sistemas de gravación.

Outra das vantaxes respecto a situación anterior é a integración das redes de datos do Centro Informático para Xestión Tributaria, Económica, Financeira e Contable (CIXTEC), da Compañía de Radio Televisión de Galicia na rede da Xunta. Deste xeito, elimínanse duplicidades de rede, con conseguinte aforro e incrementase a redundancia nas comunicacións, garantindo a súa dispoñibilidade ante posibles incidencias.

Melloras na rede corporativa

Quintuplicarase o largo de banda do acceso a internet da rede corporativa que acadará os 10 Gb e renovaranse máis de 4.700 equipos da rede de datos.

Reforzase conexión de fibra do CPDI co CPD de respaldo, o que mellorará a redundancia para garantir a continuidade dos servizos ante posibles incidencias no CPD. Incrementase a seguridade da Rede Corporativa con novos equipamentos e servizos especificamente deseñados para a contención de posibles ataques de redes externas.

O novo contrato reduce á metade os tempos de resolución de incidencias, garantindo a resolución de incidentes críticos en menos de 30 minutos en Santiago e en 60 minutos no resto da Comunidade.

A nova situación contractual abrangue o mantemento do equipamento electrónico de toda a Administración autonómica. Ata agora este mantemento era xestionado por cada un dos departamentos da Xunta mentres que o novo contrato permitirá asumir o mantemento de toda a infraestrutura, reducindo custos ao centralizar a contratación.

Outras melloras

En canto á telefonía móbil, considéranse tarifas de datos internacionais moi competitivas con límite de gasto automatizado, de xeito que se o usuario supera o bono contratado impídesele o acceso a datos. Incorporaranse ferramentas de xestión remota e de solucións de seguridade para dispositivos móbiles.

Outro dos compromisos do contrato é a mellora da cobertura móbil en determinados edificios da Xunta e solucións de integración de telefonía móbil con conexións Wifi e coa rede corporativa.



A XUNTA AVANZA NA TRAMITACIÓN DO PLAN REITOR DE USO E XESTIÓN DO PARQUE NATURAL DAS FRAGAS DO EUME CO OBXECTIVO DE APROBALO DEFINITIVAMENTE EN 2015

- ***O Consello aprobou hoxe o documento inicial do proxecto, que iniciará a continuación unha fase de exposición pública de 15 días***
- ***Con este novo paso, o Goberno galego reafirma a súa intención de acadar un documento de consenso no que sexa posible desenvolver aproveitamentos tradicionais coas necesidades de conservación e restauración, polo que se debe considerar como unha oportunidade***
- ***Defínense cinco programas básicos de actuación para compatibilizar a protección dos espazos protexidos co uso público, que serán desenvolvidos en colaboración con outros departamentos administrativos da Xunta***
- ***A previsión da Xunta é que o Plan reitor de usos e xestión do Parque Natural das Fragas do Eume sexa unha realidade no segundo semestre de 2015***
- ***Trátase dun documento inicial que é froito do consenso acadado nas reunións celebradas cos axentes implicados nunha rolda de contactos que promoveu Dirección xeral de Conservación da Natureza para coñecer a opinión dos distintos colectivos***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o inicio da tramitación do Plan reitor de uso e Xestión do Parque Natural das Fragas do Eume, ao darlle o visto e prace ao documento preliminar do dito plan, cuxa aprobación definitiva se prevé en 2015. A continuación, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas iniciará de xeito inmediato o procedemento de participación pública do documento preliminar do Plan reitor de uso e xestión do Parque Natural das Fragas do Eume. O Consello da Xunta de Galicia celebrado hoxe coñeceu o contido deste documento, ao que lle deu luz verde, cuxa aprobación definitiva se prevé no segundo semestre de 2015, e que permitirá á comunidade galega dispor dun instrumento de planificación que estableza o réxime de usos e as limitacións necesarias para garantir a súa conservación.

Unha vez que se finalice o período de participación pública, e se incorporen os aspectos deste trámite, continuarase co procedemento de avaliación ambiental estratéxica.

Tal e como se recolle no documento presentado hoxe ante o Consello da Xunta, establécense cinco programas básicos de actuación, que permitan facer compatible a protección dos espazos protexidos co uso público e que se desenvolverán en colaboración con outros departamentos administrativos da Xunta. Así, un dos programas céntrase nas actuacións sobre o medio físico, no que se abordan cuestións como a contaminación acústica, a erosión, os ecosistemas subterráneos, o aforro de auga e a depuración de augas residuais.



O segundo dos programas é sobre a biodiversidade, con medidas necesarias para o mantemento da paisaxe e de conservación de hábitats e especies; e o terceiro é o programa agropecuario e forestal, con actuacións específica para o sector primario. Tamén se define un programa de usos públicos e actividades culturais e un último, sobre as actividades científicas e monitoraxe, apoiando a elaboración de estudos específicos, como os centrados na incidencia dos herbívoros e domésticos no parque.

Dende a Xunta recoñécese que o Parque natural das Fragas do Eume ten unha gran potencialidade como destino turístico- que debe ser compatible a conservación do medio natural que ofrece este espazo-, o que fai necesaria unha eficiente colaboración entre os diversos axentes da zona para aproveitar as potencialidades como destino cunha importante riqueza natural.

As necesidades de conservación e restauración deberán compatibilizarse cos aproveitamentos tradicionais, cuxo mantemento é fundamental para garantir o desenvolvemento das comunidades que viven neste territorio. Para tal fin, o plan apóiase nos seguintes instrumentos:

- Unha zonificación do territorio comprendido polo espazo natural, a partir da cal se definen as diferentes medidas de xestión que condicionen os usos, aproveitamentos e actuacións en cada unha delas.
- Unha regulación de usos e actividades, co fin de garantir os obxectivos de conservación da Rede Natura 2000, propostos polas directivas 92/43/CEE e 2009/147/CE, así como na normativa de ámbito estatal (Lei 42/2007, do 13 de decembro) e autonómica (Lei 9/2001, do 21 de agosto). Regulación que se establece de forma xenérica para todo o ámbito do espazo natural (ZEPA, ZEC) ou ben de forma específica para as diferentes unidades territoriais fixadas na zonificación do espazo (zonas).

Tendo en conta que un 80% da superficie declarada Parque Natural correspóndese con terreos de propiedade privada, está xustifico que se delimite claramente a zonificación do Parque e establecer unha regulación de usos e actividades. A aprobación do Plan Reitor de Usos e Xestión débese valorar como unha oportunidade de desenvolvemento das actividades económicas vinculadas á economía local compatibles coa conservación dos valores ambientais que motivaron a declaración do Parque Natural.



Obxectivos xerais

A tramitación do Plan reitor de usos e xestión (PRXU) do Parque das Fragas do Eume reafirma a intención da Xunta de facer compatible a protección dos espazos protexidos co seu uso público e goce por parte da poboación. O PRUX do Parque Natural das Fragas do Eume aborda a planificación de actuacións para o período 2015-2020, e ten por obxecto o desenvolvemento das normas de uso e xestión no parque.

Os obxectivos xerais deste documento, que se complementan cos retos que se establecen no Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia para as Áreas de montaña, son:

- 1.- A conservación da biodiversidade e dos procesos ecolóxicos esenciais, garantindo a preservación das paisaxes, os medios ecolóxicos e os hábitats, así como a conexión das poboacións de fauna e flora silvestres e preservando a diversidade xenética.
2. O establecemento de medidas de xestión para o mantemento ou o restablecemento, nun estado de conservación favorable, dos tipos de hábitats de interese comunitario contidos no anexo I da Lei 42/2007, do patrimonio natural e da biodiversidade e das poboacións e das especies animais e vexetais dos anexos II e IV da mesma lei e dos núcleos poboacionais e especies protexidas incluídas na Listaxe de Especies Silvestres de especial protección, no Catálogo español de especies ameazadas e no Catálogo galego de especies ameazadas.
3. Propiciar o desenvolvemento sustentable, favorecendo os usos e aproveitamentos respectuosos co medio.
4. Integrar os obxectivos concretos de conservación coas esixencias económicas, sociais e culturais.
5. Consolidar o réxime xurídico de protección establecido para o territorio.
6. Promocionar un turismo sustentable dentro do Parque Natural.



A XUNTA DÁLLE LUZ VERDE AO CONCURSO PÚBLICO QUE OFRECERÁ MEDIO MILLÓN DE METROS CADRADOS DE SOLO INDUSTRIAL CON REBAIXAS DE ATA O 50 POR CENTO

- *Trátase da primeira fase do programa dedicado a facilitar o acceso a ata 2 millóns de metros cadrados solo industrial que está incluído na Axenda de Competitividade Industrial Galega*
- *Tras a promoción do solo propiedade de Xestur, o vindeiro mes de marzo activarase a segunda fase coa oferta das parcelas do Instituto Galego de Vivenda e Solo*
- *Serán obxecto de licitación as parcelas de solo empresarial propiedade de Xestur, sobre as que non haxa ningún compromiso de venda ou opción de compra, ou outras cargas que impidan o seu alleamento, e que estean suficientemente definidas dende o punto de vista urbanístico e rexistral*
- *O concurso será convocado o vindeiro día 12 de xaneiro e o prazo para presentar solicitudes será de un mes*

O Consello da Xunta deulle hoxe luz verde ao concurso público que ofrecerá medio millón de metros cadrados de solo industrial propiedade de Xestur con rebaixas de ata o 50 por cento. Esta é a primeira fase do programa de mobilización de ata 2 millóns de metros cadrados de solo industrial incluído na Axenda da Competitividade Industrial Galega (Galicia-Industria 4.0), aprobada polo Consello da Xunta o pasado 27 de novembro, e que ten por obxecto incrementar o peso da industria galega no PIB.

O concurso será convocado o vindeiro día 12 de xaneiro e o prazo para presentar solicitudes será de un mes. Unha vez resolto, as parcelas que non foron adxudicadas por falta de licitadores poderán ser adxudicadas polo mesmo prezo que rexeu no concurso a quen a solicite mediante adxudicación directa

Este programa contempla rebaixas de ata o 50% para aqueles parques empresariais situados nas Zonas Impulsa -Ourense, Ferrolterra, Lugo e Costa da Morte-, así como para os concellos fronteirizos con Portugal. Ademais, establécese unha rebaixa do 30% no resto de parques, salvo os das áreas urbanas, que contarán cun desconto do 15% -Mos, Ponte Caldelas, Santiago e A Coruña.

Esta medida está acompañada de axudas do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) para as empresas -entre as que se atopan os préstamos Jeremie-Igape previstos no programa operativo Feder Galicia en beneficio de pequenas e medianas empresas e microempresas cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional- mantivéronse diversos contactos co IGAPE, estando na actualidade traballando na a sinatura dun acordo entre o IGAPE, Xestur e IGVS, a fin de coordinar as respectivas políticas de fomento da actividade económica no solo..



A implantación desta medida realizarase en dúas fases; unha primeira fase cos solos pertencentes a Xestur S.A. e, posteriormente, no vindeiro mes de marzo de 2015, cos solos do IGVS.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, solicitou a Xestur, S.A., na súa condición de ente instrumental da Xunta de Galicia que ten dentro do seu obxecto social a promoción e xestión do solo empresarial no ámbito da Comunidade Autónoma, que adopte os acordos oportunos para aplicar estes descontos no prezo do solo empresarial. De conformidade co antes referido, e logo dos oportunos informes e análises dos aspectos económicos, financeiros e xurídicos desta medida, o día 16 de decembro de 2014 a Xunta Xeral de Xestur S.A. aprobou a aplicación dos seguintes descontos segundo os parques en que se ubican as parcelas:

- **Rebaixa do 50% sobre o prezo actual:** Parques de Xinzo de Limia, Pereiro de Aguiar, Central de Transportes, Vilamarín, Ponteceso, Pontedeume, Ortigueira, Cedeira, Carballo, Barreiros, O Corgo, Cervo, Foz, As Gándaras, Guitiriz, Muimenta, Vilalba, Viveiro, Arbo.
- **Rebaixa do 30% sobre o prezo actual:** Parques de Arzúa, Melide, Ordes, Boiro, Sigüeiro, Santa Comba, Negreira, , Silleda, Lalín.
- **Rebaixa do 15% sobre o prezo actual:** Parques de A Sionlla, Reigosa, Mos, na totalidade da superficie dos mencionados parques, Morás (375.497 m2).

A superficie total aproximada con prezos bonificados obxecto deste concurso é de 2 millóns de metros cadrados, sendo esta primeira fase de 500.000 euros.

Obxecto de licitación


En principio, serán obxecto de licitación as parcelas de solo empresarial propiedade de Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A., sobre as que non haxa ningún compromiso de venda ou opción de compra, ou outras cargas que impidan o seu alleamento, e que estean suficientemente definidas dende o punto de vista urbanístico e rexistral.

A venda das parcelas antes referidas, ten o carácter de venda con publicidade, aberta e incondicional, que se adxudicará ao mellor postor ou oferta máis vantaxosa, de conformidade co previsto nos criterios de preferencia incluídos nas bases do concurso. Poderá solicitarse a compra de parcelas tal como están configuradas no parcelario correspondente, ou ben parcelas cunha superficie e configuración diferente, que puideran resultar, no seu caso, da segregación das parcelas previstas.

Os criterios de adxudicación poderán consultarse nos pregos de bases desta convocatoria.



Ademais de outras de menor importancia, o adquirente obrigase a concluír a edificación proxectada na parcela adquirida e a obter a habilitación correspondente para a primeira actividade no prazo de 3 anos, a contar dende a data de formalización da compravenda.



A XUNTA MOBILIZARÁ 6 MILLÓNS NO IMPULSO Á EFICIENCIA ENERXÉTICA NA INDUSTRIA E OS SERVIZOS PARA OPTIMIZAR O CONSUMO E MELLORAR A COMPETITIVIDADE

- ***Economía e Industria activa un novo programa de respaldo con apoios que chegan ata o 30% do investimento, cun máximo de 100.000 euros por proxecto***
- ***A convocatoria recolle como principal novidade as axudas á instalación de sistemas de procesamento avanzado de datos e intelixencia artificial aplicados ao aforro de enerxía, en liña coa visión do Goberno galego para acadar a Industria 4.0***
- ***A iniciativa prevé poñer en marcha máis dun centenar de proxectos que permitirán aforrar en total 1,6 millóns de euros ao ano***
- ***Evítarase ademais a emisión á atmosfera de máis de 6.500 toneladas de CO₂ cada ano, reducindo o consumo en máis de 2.800 toneladas de petróleo anuais***

A Consellería de Economía e Industria renovará o seu impulso á eficiencia na industria e os servizos a través dunha nova convocatoria do programa de aforro e eficiencia enerxética dirixida a empresas e autónomos, que está dotada con 1,8 millóns de euros en axudas para mobilizar 6 en investimentos, e da que se informou hoxe ao Consello da Xunta.

Este ano, en liña coa Axenda da Competitividade Industrial Galicia: Industria 4.0, o programa achega como principal novidade o apoio á implantación de sistemas de procesamento avanzado de datos e intelixencia artificial aplicados á optimización do consumo enerxético, no camiño cara á fábrica intelixente que busca o Goberno galego para o tecido empresarial da comunidade. A meta é que as industrias conten con programas que sexan capaces de reaxustar, de xeito sistemático, algúns dos seus parámetros en función das experiencias pasadas co obxecto de optimizar o consumo.

A través de todas as medidas incluídas, a orde aspira a acadar un descenso no consumo enerxético do tecido industrial e de servizos, que en Galicia representan o 45% e o 9% do consumo de enerxía final, respectivamente. A iniciativa permitirá ás compañías aforrar preto de 2.834 toneladas equivalentes de petróleo ao ano, o que evitará a emisión á atmosfera de máis de 6.500 toneladas anuais de CO₂. Esta diminución terá pola súa vez un impacto claro nas contas das máis de 100 empresas beneficiarias, ás que posibilitará unha redución de custos de 1,6 millóns de euros, impulsando a súa competitividade e, con ela, a xeración de emprego.

As axudas poden chegar ata o 30% do investimento a realizar cun mínimo de 6.000 euros por proxecto, e un máximo de 100.000 euros. Ademais do apoio aos sistemas de intelixencia artificial, as actuacións que se van desenvolver céntranse na substitución ou mellora de equipos e instalacións consumidoras de enerxía ou de produción de calor; na implantación de luminarias máis eficientes; e na posta en



marcha de medidas de contabilización, monitorización e telexestión de consumo de enerxía. Así mesmo, fomentárase calquera outra actuación que supoña un aforro enerxético mínimo dun 20% e como novidade para este ano, apoiárase a implantación de sistemas de xestión enerxética certificados conforme a norma ISO 50.001.

A orde prevé apoios especiais tanto a determinados territorios como tipos de enerxía. Así, no primeiro caso, os proxectos que se desenvolvan nas provincias de Ourense e Lugo, e nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal e na Costa da Morte contarán cunha valoración un 5% superior, ao abeiro dos respectivos plans Impulsa. E en canto ao segundo eido, en liña coa Estratexia integral de impulso da biomasa forestal en Galicia, facilitarase a inclusión nos proxectos de equipos que utilicen este combustible.

O prazo de presentación de solicitudes arrancará coa publicación da convocatoria no DOG, prevista para as próximas datas, e a data límite para a execución e xustificación dos proxectos de aforro é o 31 de outubro de 2015.

Este programa, activado por primeira vez en 2013, ten concedido apoios a iniciativas de aforro e eficiencia de preto de 200 empresas galegas, impulsando a súa competitividade e reducindo ás emisións contaminantes de Galicia.



TRABALLO DESTINA 45,4 MILLÓNS DE EUROS A 5 PROGRAMAS DE EMPREGO E FORMACIÓN DOS QUE SE BENEFICIARÁN PRETO DE 100.000 PERSOAS

- *Trátase das ordes para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas (AFD), para os obradoiros de emprego, para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, para programas integrados de emprego e para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego*
- *No apartado de formación para desempregados, cun orzamento de 23,5 millóns e unha previsión de máis de 10.000 beneficiarios, desenvolveranse preto de 680 accións formativas vencelladas á obtención de certificados de profesionalidade*
- *Os obradoiros de emprego, dos que se poderán beneficiar máis de 1.000 persoas contarán cunha partida de 10,2 millóns, e aos programas integrados destinaranse 5,7 millóns*
- *En colaboración coas entidades locais establécese a orde de fomento do emprego e mellora da empregabilidade, dotada con 1,3 millóns de euros para que máis de 380 persoas en situación de desemprego poidan ser contratadas para a realización de obras ou prestación de servizos de interese xeral e social*
- *Por último, a partida para información laboral, orientación e prospección de emprego será de 4,6 millóns o que permitirá realizar distintas actuacións para 85.000 beneficiarios*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe a cinco programas da Consellería de Traballo e Benestar de emprego e formación para o ano 2015 que, en total, beneficiarán preto de 100.000 persoas e contarán cun orzamento global de 45,4 millóns de euros.

Concretamente, trátase das ordes para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas (AFD), para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación, para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, para a posta en práctica de programas integrados de emprego (de carácter bianual e que se desenvolverá entre 2015 e 2016) e para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego.

O programa de formación para desempregados terá un orzamento de 23,5 millóns cos que se prevé realizar 680 accións formativas vencelladas á



obtención de certificados de profesionalidade con validez en todo o territorio nacional dos que se poidan beneficiar 10.000 persoas.

A orde establece como áreas formativas prioritarias a internacionalización, o emprendemento, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico. A selección dos participantes realizarase sobre as persoas demandantes de emprego rexistrados no Servizo Público de Emprego de Galicia.

Novos controis das axudas

Nesta convocatoria inclúense reforzos nos control destas axudas. Así, incrementaranse os seguimentos presenciais e procederase á implantación da pegada dixital que se esixirá a todos os alumnos e alumnas á entrada da acción formativa, un sistema que estará conectado a unha plataforma informática da Consellería de Traballo.

Tamén como novidade este ano, na formación para desempregados, prohibirase expresamente a contratación do servizo docente por parte dunha empresa. Así, só se poderán contratar persoas físicas para impartir docencia, ben sexa como autónomos ou como traballadores por conta allea. Con este mecanismo o que se pretende é poñer máis límites á posibilidade de vinculación entre empresas. Ademais, na xustificación dos docentes, esixirase a documentación relativa á Seguridade Social e o comprobante de que a nómina estea efectivamente pagada.

Programas mixtos de emprego e formación

Os programas mixtos de emprego e formación para a mellora da empregabilidade en colaboración con entidades locais contarán cun orzamento de 10,2 millóns e máis de 1.000 beneficiarios grazas ao desenvolvemento de 50 destes proxectos. Estes programas céntranse na realización de obras ou prestación de servizos de interese xeral e social que posibiliten un traballo efectivo que, xunto coa formación profesional para o emprego recibida, procure a súa cualificación profesional e favoreza a súa posterior inserción laboral.

Como novidades para 2015, cando haxa candidatos que o fagan posible, un 20% dos participantes deberán ser beneficiarios da RISGA e se primaranse a aqueles proxectos relacionados coa rehabilitación e posta en valor de fachadas e edificios de carácter público e/ou social e de espazos ambientais.

Cada proxecto terá unha duración de seis meses, así como unha única etapa de formación en alternancia co traballo ou a práctica profesional, que tamén estará dirixida á aprendizaxe, cualificación e adquisición de experiencia profesional,



durante toda a duración dos proxectos os beneficiarios estarán contratados pola entidade promotora na modalidade do contrato para a formación e aprendizaxe.

Programas integrados

Os programas integrados para o emprego, cun orzamento de 5,7 millóns e 2.000 beneficiarios, terá por finalidade o financiamento de programas de emprego dirixidos á mellora da ocupabilidade e á inserción laboral das persoas traballadoras en situación de desemprego mediante a posta en marcha de programas integrados de emprego con intermediación laboral, no ámbito de Galicia.

Como principais novidades, para o período 2015-2016 creárase un tipo de programa integrado de emprego específico para persoas beneficiarias da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) no que os custos subvencionables por participante serán máis altos (3.000 euros, fronte aos 2.400 dos programas ordinarios).

Primarán os proxectos de xestión compartida para incentivar os procesos de fusión municipal e acadar unha xestión máis eficaz no desenvolvemento das accións de información, orientación e prospección de emprego subvencionados.

Ademais, a duración dos programas para 2015-2016 amplíase e estableceranse sempre por un período de 12 meses, o que garantirá a atención completa das persoas participantes e o cumprimento dos compromisos de inserción.

Nestes programas incluíranse de xeito obrigatorio accións de carácter formativo e de intermediación laboral, e estableceranse obxectivos cuantitativos de inserción laboral das persoas demandantes de emprego participantes neles que non poderán ser inferiores ao 30% persoas participantes, ou ao 25% para o caso de persoas titulares da renda de integración social de Galicia. Cada proxecto terá unha duración de 12 meses.

Mellora da empregabilidade

Os programas de fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, cun orzamento de 1,3 e máis de 380 beneficiarios desempregados, céntranse na realización de obras ou prestación de servizos de interese xeral e social co obxecto de proporcionarlles a experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral.



Información laboral

Por último, o programa de información laboral, orientación e prospección de emprego, cun orzamento de 4,6 millóns e 85.000 beneficiarios, terá por finalidade o financiamento ás entidades que realicen accións de orientación profesional para o emprego e asistencia para o autoemprego articuladas en itinerarios personalizados de inserción profesional e dirixidas a mellorar as posibilidades de ocupación das persoas demandantes de emprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, a través da contratación de persoal técnico de información, orientación e prospección de emprego, no ámbito da colaboración da Consellería de Traballo e Benestar coas entidades locais e entidades sen ánimo de lucro, como instrumento para promover a configuración dunha rede especializada na mellora da empregabilidade e ocupabilidade das persoas demandantes de emprego inscritas no SPEG.

A contía máxima da subvención que se concederá será de 20.000 euros por cada persoa técnica de información, orientación e prospección de emprego contratada a tempo completo durante un período de 12 meses, tomando como referencia os custos de contratación totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social.

Serán destinatarios destas accións todos os demandantes de emprego inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia, ben cando o soliciten expresamente, ou ben cando lles sexa ofertado polo dito servizo sendo colectivo prioritario, as persoas con especiais dificultades de integración no mercado de traballo, especialmente persoas menores de 30 anos, con particular atención a aquelas con déficit de formación, mulleres, parados de longa duración, maiores de 45 anos, con discapacidade ou en situación de exclusión social (en especial beneficiarias da Renda de Integración Social de Galicia), e inmigrantes, con respecto á lexislación de estranxeiría.

Todas estas ordes serán publicadas no *Diario Oficial de Galicia* antes do 16 de xaneiro, a excepción do programa de información laboral, orientación e prospección de emprego, que xa saíu o 31 de decembro.

Ademais, estas 5 actuacións en materia de emprego e formación veranse complementadas con dous programas específicos dirixidos aos mozos menores de 25 anos e aos parados de longa duración, que serán aprobados este mesmo mes e terán como obxectivo favorecer a inserción laboral destes colectivos.



NO ANO 2014 REXISTRÁRONSE EN GALICIA UN TOTAL DE 1.238 LUMES FORESTAIS QUE AFECTARON 2.001 HECTÁREAS

- ***Así o reflicte un informe sobre a cuestión avaliado hoxe polo Consello da Xunta***
- ***Do total de lumes, 180 acadaron a categoría de incendios, ao superar a hectárea de extensión***
- ***O documento conclúe que o número de lumes respecto dos últimos cinco anos se reduciu nun 71%, pasando de 4.308 lumes de media por ano aos 1.238 deste exercicio***
- ***Na campaña de alto risco –do 1 de xullo ao 30 de setembro– rexistráronse un total de 624 lumes, con 431,7 hectáreas afectadas, das cales só 113,3 foron arborizadas, representando un 26% das totais que arderon***
- ***Durante a campaña de verán os axentes da policía autonómica detiveron dez presuntos autores de incendios forestais, seis deles por lumes intencionados***

Este ano foi o mellor dos últimos 25 en canto a resultados na loita contra os incendios forestais en Galicia, xa que os 1.238 lumes rexistrados deixaron 2.001 hectáreas afectadas. Do total de lumes, 180 acadaron a categoría de incendios ao superar a hectárea de extensión. Así o reflicte un informe elaborado pola Consellería do Medio Rural e do Mar sobre esta materia e que foi avaliado hoxe polo Consello da Xunta.

O documento conclúe que o número de lumes respecto dos últimos cinco anos reduciuse nun 71%, pasando de 4.308 lumes de media por ano aos 1.238 deste exercicio. Esta cifra supón un descenso dun 79% con respecto á última década e un 94% respecto dos últimos 25 anos.

Cómpre destacar que o 79,5% dos lumes quedaron en conato grazas á rápida e decisiva intervención dos medios de extinción, e o 6,5% dos lumes estarían cualificados como queimas ao afectar só a superficie rasa. A media diaria de lumes acaecidos neste ano descendeu ata os 3,9 lumes, baixando un 75% con respecto á media alcanzada na última década e un 67% con respecto ao pasado lustro.

Campaña de alto risco

O informe analizado hoxe polo Consello tamén recolle que na campaña de alto risco –do 1 de xullo ao 30 de setembro– se rexistraron un total de 624 lumes, con 431,7 hectáreas afectadas, das cales só 113,3 foron arborizadas, representando un 26% das totais que arderon.

Do mesmo xeito que cos datos de todo o ano, as cifras acadadas nesta época de alto risco foron as máis baixas dos últimos 25 anos e supoñen un 98% menos de afectación que a media dese período, e un 85% menos en canto á cifra de lumes.



Os lumes en época de alto risco supoñen o 50% dos totais sufridos no que vai de ano, e as hectáreas afectadas neste trimestre estival acadan só o 21% das queimadas desde o 1 de xaneiro ata o 21 de novembro, facendo que a media de superficie queimada por lume se quedase por debaixo da hectárea, acadando esa media menos de 0,7 hectáreas por lume.

O informe destaca que as cifras dos lumes e hectáreas afectadas neste ano fan que se cumprisen de xeito amplo todos os obxectivos marcados no Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia (PLADIGA).

En canto ás parroquias de alta actividade incendiaria (PAAI), no ano 2015 non se pode producir ningunha saída do listaxe, xa que se establece un prazo mínimo de 2 anos no que deben cumprir unha serie de criterios. Cómpre dicir, en todo caso, que existen 41 parroquias que cumpriron o criterio este ano e que, no 2015, en caso de cumprir novamente os criterios, saíran da listaxe.

Con respecto á climatoloxía, a principal conclusión do informe é que o verán non foi especialmente atípico e que nos deixou unha incidencia normal en moitas zonas onde se dá unha actividade incendiaria importante.

O documento avaliado hoxe polo Goberno galego recolle tamén información do dispositivo antiincendios, que estivo composto por 5.767 persoas, con 59 efectivos máis que o pasado ano. Foi reforzado por persoal do Ministerio, do Exército e dos corpos e forzas de seguridade do Estado ata completar un operativo de máis de 7.000 efectivos. No tocante a medios materiais, contouse con 32 medios aéreos, entre os propios da Xunta e os que achegou o Estado; e 358 motobombas do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais da Xunta, dos concellos e dos parques de bombeiros, e aos que se engadiron cisternas, pas e outros vehículos.

Colaboración cos concellos

O informe destaca que este ano se seguiu apostando pola colaboración con outras entidades e administracións. Así, mantivéronse os convenios subscritos cos concellos para tratamentos preventivos en vías e camiños de titularidade municipal e a actuación de brigadas municipais de prevención e defensa. Tamén se seguiu colaborando coa Fegamp para a elaboración de ordenanzas tipo para a xestión da biomasa en terreos urbanos e de núcleo rural e dun modelo de Bando Municipal informativo. Do mesmo xeito, mantívose a colaboración Xunta-municipios-deputacións para a creación e implantación dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais (GES).

En materia de investigación, este ano o PLADIGA recolleu novidades importantes, como a identificación e delimitación das parroquias de alta actividade incendiaria (PAAI) e a potenciación das brigadas de investigación de incendios forestais (BIIF),



equipos de 2 axentes dispostos por distrito forestal especializados en investigación de causas de incendios.

Con respecto á sensibilización, fíxose unha aposta pola concienciación da poboación escolar sobre os valores e defensa do monte, que se iniciou o ano pasado a través dun plan de divulgación interno e da participación no Plan estratéxico de xuventude de Galicia 2014-2016 "Xuventude 2016" cos programas "O Monte Vivo" e "Montentérate".

